



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Nomeamento de funcionario interino para a substitución transitoria de funcionaria de carreira titular dunha praza de auxiliar administrativo/a

Expediente: 2024/E005/000005

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 105/2024, do 16 de febreiro acordouse:

Primeiro.- Declarar a necesidade urxente e inaprazable de contratar persoal funcionario interino para a substitución de Dna. María José Iglesias Domínguez, funcionaria de carreira titular dunha das prazas de persoal de auxiliar administrativo/a (subescala auxiliar da administración xeral, grupo C2) previstas dentro do cadro de persoal municipal, en situación de incapacidade laboral temporal.

Considerando as circunstancias anteditas, e coa finalidade dunha efectiva cobertura e prestación das funcións inherentes á referida praza, resultaría necesario e urxente proceder á substitución desta funcionaria ata a súa reincorporación; e que atendendo ás referidas e acreditadas razóns de necesidade e urxencia, cabería apreciar a concorrencia das condicións/requisitos legais (véxase o disposto ao efecto no artigo 20.cinco da Lei de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2023, en situación actual de prórroga) que xustificarian e habilitarian a incorporación do persoal temporal requirido para a dita substitución, e que esta se realice baixo a modalidade de persoal funcionario interino prevista nos artigos 10.1.b do TRLEBEP e 23.2.b da LEPG.

Segundo.- Nomear persoal funcionario interino para a substitución transitoria de funcionaria de carreira titular dunha praza de auxiliar administrativo/a, Grupo C, Subgrupo C2, Escala de administración xeral, subescala auxiliar do Concello de Val do Dubra a Brais Doval Pazos, con DNI núm. 45909120Q, por ser o primeiro aspirante da bolsa en amosar a súa aceptación ao chamamento, que deberá tomar posesión no prazo máximo dun (1) mes dende a notificación da presente resolución.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao aspirante nomeado, comunicándolle que deberá tomar posesión no prazo máximo de un (1) mes a contar desde o día seguinte a aquel no que se lle notifique o nomeamento.

Cuarto.- Aprobar a listaxe de agarda actualizada, que queda da seguinte maneira:

- 1.- Lorenzo Pazos, Berta
- 2.- Pinal Seoane, Silvia María
- 3.- Doval Pazos, Brais
- 4.- Ruda López, Manuel
- 5.- Padín Rey, Jessica
- 6.- Fernández Núñez, Mireia
- 7.- Garabatos Rodríguez, Tania
- 8.- Irigoyen Vázquez, Sergio
- 9.- García Ferreiro, Héitor

Quinto.- Publicar a presente resolución no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e no



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

taboleiro de anuncios físico e da sede electrónica do Concello de Val do Dubra.

Sexto.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ou directamente recurso contencioso – administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición contencioso – administrativa.

Val do Dubra, 22 de febreiro de 2024

O alcalde,

Diego Luís Dfáz Méndez

Val do Dubra, naturalmente